



## **CIRCULAR 83/2011**

**(modificada a 13/01/2012) sinálase en vermello os cambios**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

# **CRITERIUM GALEGO DE PROBAS COMBINADAS DE INVERNO**

***JUNIOR, PROMESA E ABSOLUTO***

# **CAMPIONATO GALEGO DE PROBAS COMBINADAS CADETE E**

# **XUVENIL E PENTATHLON VETERANOS**

**Pistas do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, 21 e 22 de xaneiro do 2012**

**Art.1)** A Federación Galega a través da Delegación de Pontevedra organizará os vindeiros días **21 e 22 de xaneiro** no estadio do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra o **Criterium Galego de Probas Combinadas de Inverno absoluto, junior e promesa. Campionato Galego de Probas Combinadas cadete e xuvenil, e Pentathlon veteráns (domingo día 22).**

**Art.2)** Poderán intervir todos aqueles atletas que se atopen en calquera das seguintes condicións do art.2 e do art.3:

1. Atletas que teñan fichado durante a tempada actual (2011/12) por algún Club pertencente á Comunidade Galega.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos ou extranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que no reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

*\*Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

**Art.3)** Poderán participar os atletas que reúnan algúns dos seguintes requisitos:

- Seis primeiros do ranking absoluto da tempada 2010/11
- Seis primeiros no ranking Junior da tempada 2010/11
- Seis primeiros no ranking xuvenil da tempada 2010/11
- Seis primeiros no ranking cadete da tempada 2010/11

**Art.4)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da F.G.A como data límite o **Martes 17 de xaneiro**, ata as 20,00 horas.

**Art.5).** O primeiro atleta clasificado en cada categoría: Junior e promesa, así como na clasificación absoluta recibirán un trofeo conmemorativo do criterium, sendo de obrigado cumprimento acudir ó protocolo de premiacións. Os tres primeiros atletas clasificados nos Campionatos cadete e xuvenil, así como no de veteranos recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ó protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega das medallas.

**Art.6)** Os atletas deberán empregar o dorsal otorgado pola organización de forma totalmente visible. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descalificación.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

**Art.7)** O horario do Criterium e dos campionatos cadete e xuvenil e pentatlón veteranos será o seguinte:

Sabado, 21 de xaneiro do 2012 (Criterium homes e campionato cadete e xuvenil homes)

10:30	60 m.	Cd-Xv-Jn-Pr-Sn MAS
11:00	Longitud	Cd-Xv-Jn-Pr-Sn MAS
12:00	Peso (4-5-6-7,260 Kg)	Cd-Xv-Jn-Pr-Sn MAS
12:45	Altura	Cd-Xv-Jn-Pr-Sn MAS

Domingo, 22 de xaneiro do 2012 (Campionato Galego de Veteranos e criterium mulleres mais campionato cadete e xuvenil mulleres. 2º xornada criterium homes mais Campionato cadete e xuvenil homes)

10.00	60 m. vallas (1.067)	Pr-Sn	MAS
10.10	60 m. vallas (0.99)	Jn-Vt	MAS
10.20	60 m. vallas (0.91)	Xv	MAS
10.30	60 m. vallas (0.91)	Cd	MAS
10.40	60 m. vallas (0.84)	Jn-Pr-Sn-Vt	FEM
	Longitud	Vt	MAS
10.50	60 m. vallas (0.76)	Cd-Xv	FEM
	Pértiga	Xv-Jn-Pr-Sn	MAS
11.00	Altura	Cd-Xv-Jn-Pr-Sn-Vt	FEM
	1.000 m.	Cd	MAS
	Peso	Vt	MAS
12:00	Peso (3-4 Kg)	Cd-Xv-Jn-Pr-Sn-Vt	FEM
	Altura	Vt	MAS
12.45	Longitud	Cd-Xv-Jn-Pr-Sn-Vt	FEM
13.10	600 m.	Cd	FEM
13.20	800 m.	Xv-Jn-Pr-Sn-Vt	FEM
13.30	1.000 m.	Xv-Jn-Pr-Sn-Vt	MAS

**Art. 8)** Debido as circunstancias especiais no desenvolvemento das probas combinadas, o horario poderá sufrir modificacións axustándose a ditas circunstancias.

**Art.9)** Todo o non disposto no presente Regulamento resolveráse dacordo cas normas da I.A.A.F.

**Art. 10)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.
- Os clubs que desexen anular a participación de algún dos seus atletas deberán remitir un email a [secgeneral@fgatletismo.com](mailto:secgeneral@fgatletismo.com) sinalando o nome e apelidos do/s atletas que da de baixa e o motivo da mesma, sempre cunha antelación dun mínimo de 48 horas ao día do evento.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)  
A Coruña, a 28 de decembro de 2011

